

HERMENÉUTICA DA VIDA, SAUDADE DE PORTUGAL

CARLOS BALIÑAS FERNÁNDEZ

QUE HERMENÉUTICA?

Non é raro que os aldeáns ou camponeses se pregunten entre eles: “e logo ti ¿de quen ves sendo?” Cos filósofos ocorre cousa parecida. Cando un se topa con outro descoñecido pregunta: ¿e ti de que escola ou de que orientación ves sendo?, e outro contesta: estruturalista ou existencialista ou posmoderno ou marxista ou sen escola definida. Pois ben, o Prof. Marcelino Agís xa adiantou a resposta: nos somos hermeneutas e andamos na procura dun novo paradigma hermenéutico. Iso, nos como grupo académico. Persoalmente estou consonte con iso mentres se me deixe entender por hermenéutica a que eu practico e que deseguida vou esbozar

Escribindo ou falando con vocês — aparello por medio — estou emitindo unha mensaxe dentro dun código de signos e regras que chamamos lingua galego-portuguesa e vocês están descodificando esa mensaxe. É un evento lingüístico. Se o que se descodifica son signos e imaxes, prodúcese un acto semiótico.

Supoñamos agora que eu dixese algunhas expresións desconcertantes ou que na pantalla do ordenador (computadora) aparecen signos fora de sitio. Vocês, que saben o que din esas verbas, preguntaría: ¿Que quererán dicir? É o intre do acto hermeneuta. Hermenéutica é o arte de interpretar.

A ciencia vai coñecendo a realidade conforme ao principio de causalidade e deixa establecido o proceso sempre de antes a despois. Na “realidade” matemática e empírica non hai nada que interpretar.

Os hermeneutas prácticos buscan o sentido dun texto; maiormente dos textos relixiosos e simbólicos. A filosofía hermenéutica da por suposto que case toda realidade (toda menos o matemático e o empírico) ten un sentido máis ou menos oculto. Entenderémolo mellor negativamente. Non habería hermenéutica se foran verdade aqueles versos de Fernando Pessoa:

*O misterio das cousas? Sei la o que é misterio!
O único mistério é haver quem pense no mistério.
Quem está ao sol e fecha os olhos
Começa a não saber o que é o sol*

(Poemas de Alberto Caeiro, *O Guardador de rebanhos*, V)



E máis adiante engade:

*O único sentido das cousas
E elas não terem sentido oculto nenhum*

(O guardador de rebanhos, XXXIX)

Iso di o Pessoa ou, polo menos, un dos heterónimos do poeta, supoñemos que coa finalidade de provocar, porque os poetas son grandes hermeneutas da vida.

Eu teño tamén por hermenéutica responder a esta pregunta: ¿que ven implicado neso que se di? Refírome a frases como estas: ¿que vas facer da túa vida?, levar a vida, darlle boa vida ou mala vida a outro, fixo a vida que quixo. O que din estas expresións está claro: os humanos preguntámonos reciprocamente como nos vai no camiño da vida. Pero ¿que ven implicado no feito de que nos fagamos estas preguntas? Que a vida é unha viaxe é a resposta obvia. Unha resposta verdadeira, pero curta de máis. Repárese en que esa vida á que se alude nesas frases non é o simple vivir. O meu organismo vive sen me pedir permiso nin consello. Seica hai outra vida que un fai e sofre, unha vida que é túa ou miña, porque a facemos e sufrimos nos (cada quen, a súa) segundo cadre. Respirar ou alimentarse son funcións da vida orgánica. Esa outra vida consiste en facer, folgar traballar, viaxar, amar/odiar, sufrir...

Esta outra vida non é un proceso natural como a vida do organismo. É unha empresa ou tarefa dun suxeito responsable e faise cara adiante. Imos alá, dicimos para animarnos. Adiante, dicímoslle ao indeciso. Avante., din os mariñeiros. Ter unha vida por diante, dicimos dos mozos. O depresivo e deprimido, en cambio, quédase parado. Mira sen ver. O nugallán non fai o que debería ; o deprimido non ter nada que facer.

Vivir cara adiante é o mesmo que dicir futuro ou por-vir. O presente dura segundo os psicólogos uns segundos. Vivimos proxectando. “Somos arqueiros que temos un branco (un alvo)” (Aristóteles) Entrevemos un ben, desexámolo, fixémoslo proxecto, ímolo realizando Vivimos cara o futuro. Os animais viven en presente. Non aforran nin se laian do pasado.

Isto de vivir proxectando deberíámolo ter en conta ao tratarmos co outro. Cada persoa é un proxecto en marcha. Cando casamos emparellamos cunha persoa que vive en futuro.. Moitas parellas novas fracasan porque pensan que se unen con un presente, mentres que se están unindo con un futuro.

Repárese en que esta dualidade de vidas non se corresponde co dualismo ontolóxico cartesiano de corpo e alma. Este é un dualismo de vidas denunciado na linguaxe e apoiado pola introspección.



QUE SAUDADE?

Portugueses e galegos compartimos saudade. Para nós, galegos, saudade é, polo de pronto, nostalxia da infancia e da terra¹. Pero conforme vai pasando a vida, o pasado vai ficando como un ben perdido do que tamén se pode sentir saudade. Nesta acepción se toma aquí a palabra.

Nel mezzo del cammin della vita, como diría Dante, estaba eu o ano 1966 cando entrou nela Portugal Debendo viaxar desde Santiago de Compostela a Madrid para tomar parte nun concurso a unha praza de profesorado universitario e sendo dono nun pequeno automóbil “SEAT Seiscentos”, decidir facer a viaxe non por territorio español coma outras veces, senón entrando en Portugal por Tui e saíndo por Vilar Formoso, para desde alí pasar a Salamanca e chegar a Madrid. Estaba eu na etapa ascendente da vida cando iso de facer a vida é máis certo. Fora bolseiro en Alemaña e algo vira de Europa, pero non coñecía Portugal e aquela viaxe foi unha viaxe case iniciática.

Desde aquela voltei e non voltei a Portugal. Deixei de ir nos derradeiros tempos da ditadura e volvíñ despois da Revolución dos cravos. Viaxei amiúdo entre os anos 1966 e 1999. Esas viaxes foron moi agradables e visto que non volverán e xa fican distantes, teño saudade daquel período da miña vida e do Portugal que coñecín e, en parte, xa non é o de hoxe. Sería ridículo que eu pretendese agora interpretarlle Portugal aos portugueses, pero permitan eles que me evoque a min no seu país. Ao cabo de contas nunca está de sobra escoitar ao veciño falando de nos.

UNHA VIAXE CASE INICIÁTICA

Historicamente Portugal e España teñen vivido ou de costas ou de fociños. Ao longo da fronteira houbo guerras como as do século XVII na fronteira con Galicia. Tampouco a xente tiña sempre aprecio pola veciña. En portugués o xentilicio “galego” era despectivo e outro tano ocorría do Miño para acá co xentilicio “portugués”.

O caso era que daquela — van sesenta anos — poucos españois pasaban da fronteira e se internaban en Portugal. Os das fronteiras ían a cidade veciña para mercar “Sical, o café de Portugal” e volvían para a súa casa.

Así fora eu desde Vigo a Valença algunha vez, pero aquela mañáde xaneiro parei na alfándega a mostrar o pasaporte e fun internándome no país pola estrada de Lisboa que daquela ía por Camiña e Viana do Castelo e seguía a liña da costa deica Porto. Desde aí metíase terra adentro.

¹ Carlos Balañas, “A chamada da Terra en Rosalía de Castro e Martín Heidegger”. En: *Actas do I Colóquio Luso-Galaico sobre a saudade*, pp.135-143, Viana do Castelo, Cámara Municipal, 1996.



Segundo me internaba na paisaxe, decatábame das diferencias coa miña terra galega. As fiestras tiñan maineis. As torres das igrexas combinaban lenzos de pedra de grá con lenzos caleados; en sitios anacos das paredes eran bandas de azulexos. Moitas casas aldeáns tiñan pequenos xardín. (Daquela poucas casas do rural en Galicia tiñan xardíns.)

Fronte a esas diferencias fun tamén decatándome de que había semellanzas importantes. A lingua é esencialmente a mesma, afirmación que a toponimia ratifica a cada paso. Tamén o tipo poboacional de casas espalladas. E, por descontado a paisaxe.

A lingua era a mesma, pero non sen diferencias que se prestaban a anécdotas divertidas. Perto de Viseu, parei nun bar para comprar tabaco, pero non tiña para acender. Pedín en castelán: “Cerillas, por favor”. O señor non me entendeu. Mixtos, corrixín, porque era como se dicía daquela en galego popular. ¡Nada! Seguiu sen me entender. Entón, lembrando que era terra de emigrantes dirixínome aos seareiros e preguntei en francés: Allumette, s’il vous plaît?. ¡Nada! Cambiei ao italiano: Da accendere, prego? Nada. Pasei ao alemán ¿Streithölzen, bitte? Nada. Desesperado, metín o cigarro na boca e coas mans fixen aceno de acender, e de súpeto houbo resposta e risa xeral: ¡¡¡fósforos!!! Nun puideren menos de botarme a rir, porque resulta que en galego tamén dicimos fósforos.

Cando voltei a terra española por Cidade Rodrigo (Salamanca) levaba comigo unha cisma. O Norte de Portugal e a Galicia eran un mesmo país que non chegou a se unir nunha mesma autoridade política: un país que puido ser e non foi. Volvería para confirmalo. Cando viaxase a Braga confirmaría a miña cisma.

Portugal arredouse do Reino de León no século XIII. Entre o imperio romano e o Reino de Portugal pasaron uns setecentos anos. Antes desa data, este territorio que o automóbil vai calcando, era parte do Reino de León. Antes deso, fora o reino dos Suevos. Máis antes foi a provincia Gallaecia da Hispania. O territorio dos Gallaeci, capital Braga. Despois da creación do Reino de Portugal o centro político iría desprazándose cara o Sur e a lingua común diferenciouse.

Hoxe chamámonos uns españois e outros portugueses. Paulo Oroso, Idacio bispo de Chaves, Martin de Dumio, San Pedro de Mezonzo, que pasa por autor da Salve, a monxa Eteria, chamaríanse galegos, porque lusitanos eran os de máis abaixo no mapa, os da provincia romana de Lusitania.

Era divertido maxinar cómo tivera ido a historia no caso de se tivera constituído unha unidade política capital Braga. Intelectuáis dunha e de outra banda da Raia xan se decataram moito antes ca min desa unidade profunda. Agora existe, dentro de Europa, unha chamada Rexión de Galicia e Norde de Portugal.

VIVIR “A VELAS VIR”

A vida é unha dispoñibilidade que vai facéndose actual. Vivimos cara o futuro e pensamos cara o pasado. O que era futuro por vir, vai realizándose e pasando



a ser pretérito (praeteritum. Antes ido). A vida é iso que pasa mentres proxectamos o futuro, cantaban os Beatles. Estamos a velas vir, di o pobo. Uns proxectos cúmprense, outros escachan. Outros esquécese.

Viaxar tamén facer vida. Despois daquel viaxe case iniciático volvería unha chea de veces a coa miña dona a Portugal: era unha viaxe fácil e que cumpría a expectativa da viaxe: escapar da rutina dos días. Por tradición, un filósofo viaxa desde Grecia “por motivos de ver”(theories heineken).

Esta vez estamos en Coimbra. Praça da Universidade. Diante de nos, alá embaixo o río. Á nosa costa, a fachada da Universidade onde ensinaron o filósofo xesuíta Suarez e os Conimbricenses. O espectáculo do río tenme engaiolado, pero cando abren a porta da biblioteca para os turistas, alá vou mirar a máis fermosa biblioteca que teña visto, cos anaqueis tan regulares e harmónicos, co aqueles balconciños ou corredores. ¿A máis fermosa biblioteca que vin? Non sei, porque na miña memoria anda a retesía coa biblioteca dos zares de Rusia en San Petesburgo no pazo de Inverno que agora se chama Museo de L’hermitage.

Agora estamos no mosteiro de Batalha, construído para celebrar unha guerra gañada. O propio nome guía cara a hermenéutica: construíuse para lembrar a batalla por antonomasia. Una fotografía lembra cando a explanada diante do templo aínda on estaba empedrada e lucían as floriñas todas do campo. Séculos máis tarde, Felipe II de España construírá o mosteiro do Escorial para celebrar outra vitoria. As nacións europeas naceron así: de rexións que gañaron unha batalla. Hoxe toca unirse para facer Europa, aínda que sen perder as variedades. “O global é o local sen paredes”

Case en liña, a unha man de Batalha está Thomar, e a outra man Alcobça e non lonxe Nazaré. Varias veces ao longo da vida recorrin ese itinerario coa miña esposa. Thomar: a fiestra de estilo manuelino. Alcobça: a sonada cociña. Praia de Nazaré. ¡Os carros de bois tirando das barcas cara terra guiados por mulleres de loito! (Conservo fotografías). Outros moitos sitios van prendidos da miña memoria. Aquel castelo neogótico de Sintra, por onde coxeando paseou o seu spleen Lord Byron; o Bon Xesús de Braga, o templo de Diana en Évora, o Algarbe políglota. a cidade de Santo Antonio, na fronteira con Huelva: un cadrado de rúas trazadas a cartabón e compás. Unha mostra do que quixo ser a Ilustración, que lembra o Bath de Inglaterra.

En parte Portugal fíxose politicamente contra España e por una banda e por outra da fronteira inzan os castelos e fortalezas. Déixenme darlle un belisquiño ao tempo que teño concedido e evocar o castelo de Marvao na fronteira con España por Valencia de Alcántara, mirando cara Extremadura. (¡Un niño de aguiá con xente!) E, máis perto de nós, a “fortaleza” de Valença, xa ao estilo Bauvan, para se defender da artillería. . Sen por iso esquecerse de Olivenza (que antes se escribiu con Ç). Xa sei: os tópicos turísticos, pero os tópicos samente son tópicos para quen non sabe miralos cos seus ollos propios. Unha parte deses viaxes fixémolos



no período en que Portugal intentaba evitar a perda das colonias que antes non conseguiran evitar nin España ni Inglaterra nin Francia. Polas estradas ían e viñan soldados que ás veces nos facían autostop.

Os lugares mantéñense; o tempo foise e, con el, fóronse as compañías queridas, o intres de felicidade, aquela posta de sol... Pero queda a posibilidade de lembrar. ¿Ubi sunt? “Nadie me quitará el dolorido sentir” (verso do poeta Garcilaso de la Vega) Nostalxia (dor de recordar, algo nostoi). Un sentimento agridulce.

O PAÍS LITERARIO

Ler é outro modo de viaxar. Cada país garda dentro outro país, reservado para algúns afortunados. Refirome ao país dos poetas, dos literatura. Nese mundo, maniféstase o que se cala e non se ve no país real. Alí están as utopías, os soños, os ideais, os fracasos, os paradoxos, as lembranzas. Non coñece un país quen non coñece a súa poética.

Por Miguel de Unamuno sabía que o país veciño tiña una grande literatura e propúxenme coñecela. Polo tanto merquei os tomos dunhas Antoloxías Universais que daquela editaba una chamada Editorial Portugalía. (Anos Sesenta). Desde mozo coñecía os sonetos de Antero de Quental, como aquel titulado Evolución: “Fui rocha noutro tempo... e pouco máis. Pero nunha das viaxes merquei as Obras Completas de Camões (de orixe galega, por certo) nunha fermosa edición, e ía a coñecer outro poeta que o de Os Lusíadas, o dos “mares nunca de antes navegados”. Falo do Camões das Canções, concretamente a Canção XI.

*Por meio dumas serras mui fragosas,
Cercadas de silvestres arvoredos,
Retumbando por ásperos penedos,
Corrempereneságuas deleitosas
Na ribeira de Buina, assi chamada
Celebrada
Porque em prados
Esmaltados
Com frescura
De verdura
Assi se mostra amena, asi graciosa
Que excede a qualquer outra mais fermosa*

Recite o lector en voz alta verso a verso: un prodixio de eufonía.

VIDA ¡COIDADO!

Volvamos á hermenéutica da vida. A empresa da vida ten limitacións e remata en creba. Por iso facer a vida é coidar de si (Martín Heidegger dixit!), pero



nin así conseguimos sempre salvarnos dos perigos (perigos de fracaso, de saúde, de morte) aos que respondemos como podemos.

Non ven nas Antoloxías de Portugalía, unha editora de aquel tempo e non lembro onde lin un soneto do poeta Antonio Feixó o diplomático en Estocolmo onde casou con rapariga loira que morreu mocíña. O soneto comeza así:

*Morreu. Deitada no caixão estreito,
Pálida e loira, muito loira e fria,
O seu lábiotristíssimo sorria
Como num sonho virginal desfeito.*

Aquel verso Pálida e loira...ficou resoando na miña mente. Estaba eu co a miña dona cando lin o poema e tiven un arrepío. Sacudín aquel mal agoiro falando de calquera cousa intranscendente.

Pasaron anos. O ano 1999, estamos en Porto para celebrar soziños o corenta aniversario do casal e alí foi onde a miña compañeira morreu supetamente, vítima dun ictus. Non puiden non lembrar a estrofa final daquel soneto lido tantos anos atrás.

*Tinha a cor da rainha das baladas,
A das monjas antigas maceradas
No pequeno esquife em que dormia.
Levou-a a Morte em sua garra adunca
E eu nunca pude esquecer-la ¡nunca!
Pálida e loira, muito loira e fria.*

A lectura fainos contemporáneos. Menos na cor do pelo, todo era o mesmo se prescindimos da diferenca en tempo e persoa. A vida repítese. Nalgún sentido somos todos os mesmos. Pero a dor é privativo de cada quen. Somos nós mesmos pola memoria, pola fidelidade a si mesmo e, máis aínda, pola dor. Non hai cousa máis nosa que a dor.

Comprenderase que eu teña motivos especiais para me lembrar de Portugal.

VIDA, FILOSOFÍA

Agora toca volver da saudade á hermenéutica da vida A morte orgánica. xa se sabemos que é parte da vida. Pero a vida-empresa, a que nos facemos, sigue sempre aberta. Da vida orgánica non somos responsables, pero a outra fixémosla nos (Lembremos aquilo de “¿Que vas facer da túa vida?, “fixo a vida que quixo”). A razón di que o mérito teña premio e a culpa castigo. A razón di que o proxenitor axude ao fillos mentres non se vallan por si e que o fillo axude ao proxenitor cando xa non se vale por el. A razón di que se paguen as débedas. A razón pide



xustiza, ou sexa equilibrio. Desta vida ímonos responsables e non xulgados. ¿Es-
péranos un xuízo? Non me atrevo a responder porque non é cuestión de ciencia,
senón de crenza. En calquera caso, vivamos de tal xeito que merezamos sobrevivir.
Pessoa escribiu:

*O único sentido das cousas
E elas não terem sentido oculto nenhum*

Eu quédome cos versos do poeta mexicano Amado Nervo.

*Muy cerca de mi ocaso, yo te bendigo, vida,
Porque nunca me diste ni esperanza fallida
ni trabajos injustos, ni pena inmerecida;
porque veo, al final de mi rudo camino
que yo fui arquitecto de mi propio destino.*

.....
*Amé, fui amado, el sol acarició mi faz.
Vida, nada me debes. Vida, estamos en paz².*

² Do libro *Elevación*, p. 81, *Obras Completas de Amado Nervo*, XV, Madrid, Biblioteca Nueva, s.a.

